

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A  
ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, ASPAS**

Santiago de Compostela a dezaseis de outubro de dous mil dezaoitto.

**REUNIDOS**

Dunha parte,

Dona Concepción Fernández Fernández, Concelleira-delegada da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2017, polo Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don Marcelo de la Cruz Luzón, con DNI 70314431G, que intervéñ neste acto en calidade de representante legal da **ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, (ASPAS)**, con número de identificación fiscal G 15031537 e domicilio social na rúa Santa Teresa de Jornet, 19, código postal 15890, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro e rexistrada no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº2004/007390/1 e no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela co número 72/1999, e en virtude das funcións atribuídas á presidencia da asociación polo artigo 60.a dos seus vixentes estatutos.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

**EXPOÑEN**

**Primeiro.**

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a

súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

### **Segundo.**

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atibuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

### **Terceiro**

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

### **Cuarto.**

A ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, ASPAS configúrase como unha Asociación ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

A asociación está a desenvolver actividades de promoción social e desenvolvemento comunitario, encamiñadas basicamente á responder ás necesidades das persoas con discapacidade intelectual, calquera que sexa o seu grao de discapacidade, intentando acadar unha maior participación e relación do colectivo destas persoas entre elas e con outros grupos.

#### **Quinto.**

A ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, ASPAS, ten como fin xeral, segundo o artigo 2 dos seus estatutos (adaptados á Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación) acadar e facilitar os apoios necesarios para a defensa e mellora dos dereitos e da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, e das súas familias considerando a todas elas como xeradoras de dereitos e deberes, e nos termos detallados máis polo miúdo no seu artigo 4:

- a) Promover a creación de centros ocupacionais, servizos de formación ocupacional, de emprego, asistenciais, de día, servizos residenciais, de vivenda, servizos de ocio, lecer e deporte ou de calquera outro tipo con fin de cubrir todas as necesidades que se poidan ir prantexando nas distintas etapas da vida das persoas con discapacidade intelectual.
- b) A promoción integral da persoa con discapacidade intelectual e a súa formación humana permanente; así como a asistencia plena en tódalas etapas do seu desenvolvemento para acadar, como fin último, a súa completa normalización.
- c) Promover a integración das persoas con discapacidade intelectual no seu entorno familiar e social, así como no mundo laboral.
- d) Prestar servizos de información, orientación e apoio ás familias das persoas con discapacidade intelectual.
- e) Propiciar a creación de servizos de asesoramento dirixidos a responder ás necesidades do colectivo que forman as persoas con discapacidade intelectual.
- f) Fomentar a colaboración con outras asociacións de fins análogos para o logro dos mesmos.
- g) Promover a celebración de cursos, conferencias, publicacións, e en xeral a realización de calquera outra actividade que facilite ou posibilite a formación e a información dos pais, titores, voluntarios e profesionais relacionados coa discapacidade intelectual das persoas.
- h) Apelar á solidariedade social para contar coa colaboración e comprensión da cidadanía e do voluntariado.
- i) Procurar a actuación sistemática nos campos de información pública, para mentalizar á sociedade cara un cambio de actitudes positivas tendentes á consecución da integración e a normalización social das persoas con discapacidade intelectual.
- j) Actuar en defensa dos dereitos e protección das persoas con discapacidade intelectual.
- k) Procurar influír na toma de decisións políticas que beneficien ou afecten aos cidadáns con discapacidade intelectual.
- l) Achegar ás persoas con discapacidade intelectual as normas e pautas do corpo principal da sociedade.
- m) A tutela e protección das persoas con discapacidade intelectual.

Para a consecución deste fin, a asociación orientará a súa actividade nos termos previstos no artigo 5 dos seus estatutos:

- 1.- A creación e promoción de centros e servizos ocupacionais; de emprego; asistenciais; de día; residenciais; de vivenda en calquera modalidade; de ocio, lecer e deporte; e calquera outros que sirvan para facilitar a atención, formación, promoción da autonomía e integración na sociedade das persoas con discapacidade intelectual.
- 2.- A creación e potenciación de todos os servizos que tendan á integración, autonomía e normalización das persoas con discapacidade intelectual, así como aquel outros que redunden na formación dos que lles procuren os apoios para o seu desenvolvemento persoal: profesionais, voluntarios e familias.
- 3.- Orientación, asesoramento e información aos pais e nais, titores ou gardadores de feito, sobre os dereitos e recursos públicos e privados das persoas con discapacidade intelectual, ao amparo da lexislación vixente.
- 4.- Creación e difusión de publicacións, boletíns informativos, carteis e demais sobre temas de interese relacionados coa discapacidade, o movemento asociativo, a asociación en xeral e actividades de sensibilización.
- 5.- Tutela e promoción de fundacións tutelares.
- 6.- Reivindicación de comportamentos e normas que promovan e sexan compatíbeis coa dignidade e a debida atención ás persoas con discapacidade intelectual, así como a denuncia de todas aquelas accións que atenten contra a súa dignidade ou dereitos.
- 7.- A creación de todo tipo de servizos e de seccións especiais destinados a cubrir as necesidades existentes no contorno da discapacidade intelectual.
- 8.- Reivindicación de melloras cara a atención social das persoas con discapacidade intelectual.
- 9.- Realización e promoción de toda clase de estudos, investigacións e traballos de aplicación directa ás persoas con discapacidade intelectual, solicitándose cantas colaboracións se estimen oportunas.
- 10.- Cooperación con outras asociacións, federacións, confederacións e entidades tanto públicas como privadas, nacionais ou estranxeiras, que persigan fins iguais ou similares para o mellor logro destes.
- 11.- Colaboración con entidades públicas e oficiais na mellora dos servizos destinados ás persoas con discapacidade intelectual, vixiando que os fins para os que foron creados se cumpran e velando pola calidade destes servizos.
- 12.- Denuncia daquelas accións que pretendidamente en favor das persoas con discapacidade intelectual, constitúan un motivo para o enriquecemento dos seus promotores e atenten contra a dignidade das propias persoas con discapacidade.
- 13.- Utilización de calquera medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.
- 14.- Promoción e atención ás familias das persoas con discapacidade intelectual a través de servizos de orientación, formación, apoio e calquera outro que lícitamente permita desenvolver os fins estatutarios.
- 15.- Calquera outra actividade lícita que coadxuve ao cumprimento dos fins.

**Sexto.**

O Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, ASPAS, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes.

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento do seguinte programa:

- **PROGRAMA: “PROGRAMA DE RESPIRO E/OU EMERXENCIA FAMILIAR”.**

Para levar a cabo este programa o custo total aproximado, ascende a un total de **SEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E OITO EUROS (6.878,00 €)**.

(Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).

Así mesmo, a través do presente convenio a ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, ASPAS ofrécese ao Concello de Santiago como entidade colaboradora para acoller a persoas que están a realizar traballos en beneficio da comunidade como forma de integración social.

### **SEGUNDA.- CONTIDO.**

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

**PROGRAMA: “PROGRAMA DE RESPIRO E/OU EMERXENCIA FAMILIAR”.**

- **DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

A discapacidade intelectual produce un gran impacto na familia, afectando á calidade de vida de todos os seus membros e de xeito diferente nas distintas etapas do ciclo vital da familia. O impacto da discapacidade xera importantes respostas emocionais. Estas respostas, unidas a outros factores, como a presión do tempo e a carga de traballo, o esforzo físico e mental, que require o coidado dos fillos e das fillas, incrementado cando hai que atender a un fillo ou a unha filla con discapacidade, acaba producindo un gran impacto emocional que pode afectar ás relacións de parella, á saúde, ao goce do lecer e ás relacións sociais. Nos últimos anos as familias de ASPAS demandan un servizo que cubra en momentos puntuais a atención do seu membro con discapacidade cando na contorna familiar xorden urxencias ou situacións de estrés.

ASPAS creou un servizo de estancias temporais - respiro familiar de fins de semana, que dará cabida a estas demandas para mellorar a calidade de vida das familias con membros con discapacidade

intelectual ao poder ofrecerlles uns días de descanso, mentres o seu familiar é atendido por profesionais da entidade.

Tamén esta dirixido a aquelas persoas con discapacidade intelectual que non dispoñen de apoios no seu entorno durante os períodos de peche doutros recursos da asociación, vivendas ou residencia.

A Asociación dispón de 2 pisos cedidos polo Concello de Santiago de Compostela na rúa Roma, nº 5 de Fontiñas. O servizo faise dende o venres as 18,30 horas (saída do Centro) ata o luns ás 10,00 horas, en que as persoas usuarias volven o Centro. Cada fin de semana, poden participar 6 persoas con discapacidade intelectual, 3 por cada piso. Desenvolveranse actividades encamiñadas ao fomento da vida autónoma e o coidado persoal, colaborando en todas as tarefas, aseo, limpeza, compra, planificación das actividades de ocio e outras.

- **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

O **obxectivo xeral** é mellorar a calidade de vida das familias demandantes dun servizo de estancia temporal que cubra as necesidades e/ou urxencias que xorden na contorna familiar.

Os **obxectivos específicos** son:

Reducir o estrés familiar.

Cubrir as situacións de emerxencia familiar.

Favorecer a permanencia no entorno familiar natural da persoa con discapacidade intelectual, evitando a súa institucionalización.

- **AMBITO TERRITORIAL**

O proxecto realizarase na rúa Roma, nº 5-2º C e 2º F das Fontiñas en Santiago de Compostela, 2 pisos cedidos polo Concello de Santiago de Compostela á Asociación ASPAS. As persoas usuarias proceden de Santiago de Compostela e a súa comarca principalmente.

- **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

129 persoas con discapacidade intelectual, maiores de 18 anos e de ambos sexos, con diversas necesidades de apoio.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO**

Na nosa comunidade autónoma son moi escasos os servizos de respiro existentes en relación á demanda e ademais non dan unha resposta inmediata en casos de urxencias familiares (hospitalizacións do coidador ou coidadora, falecementos...), xa sexa por non ter un calendario flexible e aberto ou por estar lonxe da cidade de orixe da persoa solicitante. Con este proxecto preténdese solucionar de forma áxil os apoios necesarios para dar respostas as emerxencias.

Preténdese reducir a actual demanda de persoas interesadas en solicitar prazas de residencia permanentes.

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Recursos humanos:

O equipo multidisciplinar é o equipo da asociación.

As persoas voluntarias da asociación que darán apoio para as actividades de lecer.

Recursos materiais: dous pisos completamente equipados na cidade de Santiago de Compostela cedidos polo Concello de Santiago de Compostela.

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

As revisións das avaliacións continuas das actividades desenvoladas faranse cada fin de semana pola xerencia e traballo social, para garantir o axuste e mellora continua do servizo.

Ao remate do proxecto, formalizarase unha memoria coa avaliación final para a análise por parte dos órganos de goberno da asociación.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

A nosa Entidade conta con 165 socios e socias, dos e das cales, aténdense nos nosos centros a 129 persoas con discapacidade intelectual.

Para poñer en marcha o servizo mencionado enviarase unha carta personalizada a cada familia que teña un membro con discapacidade intelectual explicando cando comeza, obxectivos a cumprir e actividades que se desenvolverán.

Colgarase o proxecto na páxina web da entidade: [asociacionaspas.org](http://asociacionaspas.org) e redes sociais coma Facebook e Twiter.

Realizaranse notas de prensa en xornais locais, así como entrevistas en radios locais.

**DATAS:** 1 DE ABRIL A 30 DE SETEMBRO DE 2018.

- **ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO:**

**1. NOME DA ACTIVIDADE: RESPIRO E/OU EMERXENCIA FAMILIAR.**

**DESCRIBIR O QUE SE VAI FACER:** De venres as 18,30 horas a luns as 10,00 horas, proporcionase un servizo de conciliación onde as persoas con discapacidade intelectual que non dispoñan de apoio no seu entorno durante os períodos de cerre de outros recursos (residencias, vivendas..),, e/ou, aqueles que por urxencia ou emerxencia familiar, ou situación de estrés familiar, precisan de apoios puntuais, dispoñan dun espazo integrador e normalizado que garante unha adecuada atención as súas necesidades.

**OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE.**

Contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual que precisan un apoio temporal, e á da súa familia que procuran garantir unha adecuada atención do seu familiar con discapacidade durante a mesma.

**PERSONAS DESTINATARIAS DA ACTIVIDADE,:**

129 Persoas con discapacidade intelectual, maiores de 18 anos e de ambos sexos, con diversas necesidades de apoio.

**LUGAR DE REALIZACIÓN :**

O proxecto realízase na Rúa Roma nº 5, 2º C e 2º F, en Santiago, 2 pisos cedidos polo Concello de Santiago de Compostela á Asociación ASPAS.

**ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN:**

A execución do programa levase a cabo co desenvolvemento, rexistro e avaliación das actividades programadas dentro do servizo de aloxamento, asistencia e lecer. O longo deste período iranse desenrolando as actividades do programa xeral que se irán concretando a medida en que as persoas con discapacidade intelectual participantes vaian acordando a súa planificación e execución.

**RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:**

Recursos humanos:

O equipo multidisciplinar é o equipo da asociación.

As persoas voluntarias da asociación que darán apoio para as actividades de lecer.

Recursos materiais: dous pisos completamente equipados na cidade de Santiago de Compostela cedidos polo Concello de Santiago de Compostela.

DATAS:

1 DE ABRIL O 30 DE SETEMBRO DE 2018

**TERCEIRA. CONTÍA DA AXUDA E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Para a colaboración na realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu Orzamento Xeral para o ano 2018, achegará á ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL, ASPAS a cantidade de **SEIS MIL EUROS (6.000,00 €)**, segundo o artigo 33 das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018, e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 48000/2018**.

**CUARTA.GASTOS SUBVENCIONABLES.**

- a) Considéranse gastos subvencionables, para os efectos previstos neste convenio, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade/programa subvencionado, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas bases reguladoras desta subvención. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado polo presente convenio.
- b) Gastos de persoal necesario para a execución das actividades: serán subvencionables as retribucións do persoal destinado á execución das actividades ou programas subvencionados. Non serán subvencionables os gastos do persoal que non preste servizos directamente relacionados co desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- c) Gastos derivados da realización do programa ou actividade subvencionados: elaboración de materiais, gastos de publicidade e propaganda específicos do programa ou actividade, material de oficina (papel, impresos e outro material de oficina).
- d) Outros gastos correntes, que estean debidamente xustificadas e se consideren estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade ou programa subvencionable.
- e) En ningún caso serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc.) con cargo os proxectos ou actividade subvencionada, nin dietas por estes conceptos relativas o persoal que preste servizos no desenvolvemento da actividade ou programa subvencionado.
- f) Non se consideraran gastos subvencionables os efectos da presente subvención os de adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado.

**QUINTA. FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN**

Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Igualmente serán de aplicación o

disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como **data límite o 31 de outubro de 2018**, a seguinte documentación:

1. Orzamento desagregado onde consten os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención que forma parte do convenio á data da súa sinatura **(ANEXO I)**.
2. Unha memoria das actividades realizadas no proxecto **(ANEXO II)**. Deberase xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.
3. Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio **(ANEXO III)**.
4. Relación detallada do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade, que se acreditará mediante Declaración responsable, asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de conformidade co **ANEXO III**. No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas consonte co **ANEXO VIII**. En ningún caso, a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.
5. Relación detallada das facturas (nas que deberá constar concepto, número de factura, data de expedición, data de pagamento, provedor e ordénante) ou documentos xustificativos que se presentan para a xustificación asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade segundo o **ANEXO IV**, desagregadas por conceptos consonte o orzamento presentado pola entidade no **ANEXO I**.
6. Unha memoria económica **(ANEXO V)** en que se reflecta a vinculación detallada de cada gasto executado co proxecto subvencionado. Deberá quedar acreditado que cada gasto que se xustifique é totalmente necesario para a realización do proxecto, e deberá quedar vinculado a unha actividade ou actuación concreta dentro deste.
7. A **XUSTIFICACIÓN DOCUMENTAL DO GASTO** efectuado con cargo o proxecto ou actividade obxecto de subvención comprobarase coa presentación de:

### 7.1. FACTURAS:

a) **Facturas orixinais de gasto** (correspondentes o período subvencionable) da totalidade da actividade subvencionada, **ou os demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa**, incorporados na relación na que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso a documentación acreditativa do pagamento, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento. As facturas deberan reunir, en todo caso, os requisitos previstos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, modificado polo Real decreto 828/2013, do 25 de outubro e, no seu caso, coas particularidades previstas no artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido, respecto das exencións en operacións interiores.

b) As facturas, ou documentos equivalentes ou substitutivos, **presentaranse en orixinal e serán selados** pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos, cun selo que indicará o procedemento para o que se presentan, para os efectos da súa validación. A xustificación do pagamento das facturas, ou documentos equivalentes, farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo, certificación bancaria etc.) en que consten os requisitos especificados polo art. 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. En concreto, deberá conter o número de factura, data de expedición, obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emite a factura, número de Identificación Fiscal do que expide a factura e domicilio de ambos. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas das que é obxecto.

c) No caso de realizarse o **pagamento de forma anticipada**, deberá figurar na factura a expresión “pagamento anticipado” ou outra análoga. Ademais, de acordo co art. 6 apartado i) do Regulamento de Facturación, deberá expresarse a data na que se recibiu o pagamento anticipado por parte do provedor, sempre que se trate dunha data distinta á da expedición da factura.

d) Se presentan **facturas pagadas en efectivo**, deberá constar na mesma o selo da empresa, con indicación de “recibín ou pagado” e a sinatura e data de pagamento, así como unha declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade, de que as mesmas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade beneficiaria. En todo caso o importe máximo como xustificante de gasto, admitido mediante esta modalidade de pagamento para os efectos de xustificación da presente subvención establececese en 600 € (seiscentos euros) por factura (Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Non se admitirá en ningún caso o fraccionamento de determinados gastos para os efectos de respectar o límite establecido neste parágrafo. **(ANEXO VI)**.

7.2. Para o caso de imputarse a subvención **GASTOS DE PERSOAL** deberán achegarse:

- a) Copias dos **contratos** dos/as traballadores/as destinados especificamente a actividade ou programa obxecto de subvención; de non coincidir a categoría especificada no contrato de traballo coas labores asignadas ó proxecto ou actividade subvencionada, dito extremo acreditarase ademais co currículo do/a traballador/r e mais a documentación acreditativa da formación que habilite o desempeño de dita función.
- b) **Nóminas** de ditos/as traballadores/as e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria que deberá indicar: data de pagamento, nome da persoa que recibiu o pagamento, o mes o que corresponde dito pagamento así como o concepto (data da nómina ao que se refire o pagamento) e ordenante do pagamento.
- c) **Seguros sociais** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- d) Retención á conta do imposto do **IRPF** e xustificante do seu pagamento por parte da entidade beneficiaria.
- e) Os custos de persoal deberan acreditarse mediante **Certificado de empresa no que se acrediten os custes de seguridade social e de empresa** asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade. E, en todo caso deberá acreditarse mediante Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada.  
**(ANEXO VII)**

7.3. A xustificación do **PAGAMENTO** dos gastos imputados a subvención, realizarase por algunha das seguintes FORMAS:

- a) Preferentemente mediante **transferencia bancaria**: xustificarse mediante copia do resguardo do cargo da mesma. E conterá, en todo o caso, a data da transferencia, importe, concepto, número de factura, ordénante e provedor/a.
- b) **Cheque**: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia de Certificado Bancario que deberá indicar data do cargo en conta, número, destinatario e a entidade emisora.
- c) **Efectivo**: So se admitirá o pagamento en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como gasoleneiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de seiscientos euros. En todo caso acreditarase a xustificación do pagamento mediante un recibín do/da provedor/a, ben a través dun documento separado ou mediante dilixencia no xustificante de gasto, en ambos os dous casos coa sinatura e NIF do/a provedor/a, a identificación do cliente e a data de pagamento.
- d) Para o caso de pagamentos realizados mediante tarxeta de crédito/débito, deberá achegarse, ademais, a acreditación da súa titularidade, dita tarxeta deberá estar asociada á conta da entidade.
- e) No caso de achegar xustificantes de pagamento bancarios no que conste a transferencia feita a cargo dun número de conta onde non se poida verificar a titularidade a cargo da entidade beneficiaria, entenderase por non xustificado, agás que se aporte por parte da entidade beneficiaria xunto con dita transferencia certificado bancario da titularidade da referida conta.

8. **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** (da Axencia Tributaria e da Dirección Xeral de Tributos da CCAA, e da Tesourería do Concello de Santiago) e Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
9. Entregar debidamente cumprimentado o **ANEXO VIII** que forma parte do convenio no momento da súa xustificación asinado pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade.
10. Achegar o **nº de identificación fiscal e nº de conta bancaria** na que facer o ingreso.
11. Xustificación por parte da entidade beneficiaria de ter dado a **adecuada publicidade** do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio, de xeito que se inclúa, en todo o material de divulgación das actividades obxecto desta axuda, a referencia de que están subvencionadas pola Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos mediante a inclusión da imaxe corporativa do Concello de Santiago. As entidades beneficiarias deberán acreditar na xustificación, mediante unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indícaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social para o cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada de conformidade co estipulado na cláusula oitava do presente convenio, polo que a tal efecto deberán presentar Declaración responsable asinada pola/o titular ou pola/o representante legal da entidade de ter cumprido con este requisito e, achegar os soportes documentais a que fai referencia a referida cláusula, conforme o **ANEXO IX**.

Se, para realizar o obxecto do presente convenio a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superara o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Santiago, e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **31 de outubro de 2018**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

## **SEXTA. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN**

As entidades ateranse ás especificacións do establecido no presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos da subvención, **empregando obrigatoriamente os ANEXOS que forman parte do convenio**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, de ser o caso, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas, dando lugar a inobservancia destes aspectos á inadmisión da documentación. Así mesmo, deben ter en conta que toda a documentación se debe achegar en papel tamaño DIN A4, sen espirais, carpetas clasificadoras, archivadores, encadernacións ou calquera outro engadido ao papel que dificulte ou impida os procesos de tratamento, arquivamento e dixitalización da documentación e supoña un gasto evitable e superfluo para as entidades; a presentación óptima realizarase coa documentación numerada e fixada mediante elementos metálicos tipo grampas ou de suxeición similares. Cómpre ter tamén en conta que o engadido de portadas á primeira folla dos modelos normalizados dificulta o proceso nos rexistros oficiais e a alta dos expedientes administrativos, polo que se deberá omitir esta práctica procurando que o selo do rexistro de entrada figure no documento da entidade beneficiaria de presentación da documentación preceptiva.

Así mesmo, co obxecto de verificar os datos contidos nos soportes documentais aportados será necesario que a entidade axunte vía telemática a documentación aportada, os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención a través da remisión de todos os **ANEXOS que se axuntan o convenio en formato de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados, a través do seguinte correo electrónico ([pssociais.diversidades.saúde@santiagodecompostela.gal](mailto:pssociais.diversidades.saúde@santiagodecompostela.gal)) - Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela, coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello isto e, **31 de outubro de 2018**.

#### **SÉTIMA. OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2018, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e as explicitadas no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Remitir todos os ANEXOS que se axuntan o convenio en formato **de texto editable (.doc, ou .docx)**, debidamente cumprimentados vía telemática a Concellería de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos os efectos de xustificación de gastos realizados e imputados o convenio, para facilitar a comprobación dos gastos imputados a subvención de conformidade co estipulado na cláusula sexta do presente convenio.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar

os órganos de control competentes, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- e) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se encontra, o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- i) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través da internet (páxinas web e/ou redes sociais), ou publicamente e coa adecuada antelación, de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na **cláusula oitava** do presente convenio.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- k) Perder o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 61 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- l) Dado que a subscrición do presente convenio non implica en ningún caso relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas, voluntarias, becarias ou profesionais que desenvolvan as accións obxecto do mesmo, e o Concello de Santiago de Compostela, a entidade beneficiaria comprométese a manter indemne diante de calquera reclamación, sen poder esixírselle en ningún caso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

#### **OITAVA. PUBLICIDADE E INFORMACIÓN**

1. As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20

do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada pólo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
  - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
  - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
  - c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

### **NOVENA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS, E TRANSPARENCIA**

1. As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A Concellaría da Área de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá coas exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, o Concello de Santiago a través da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse ben mediante escrito no cal se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte enderezo: Concello de Santiago. Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos Rúa Isaac Díaz Pardo 2-4 (Galeras) 15705-Santiago de Compostela.

2. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

### **DÉCIMA. AVALIACIÓN E INTERPRETACIÓN**

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos e a entidade beneficiaria). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Para os efectos de comprobar a execución do proxecto a entidade beneficiaria remitira con carácter mensual dende a sinatura do convenio unha memoria das actividades desenvolvidas ata a data, seguindo a estrutura da memoria que se incorpora no **ANEXO II** do convenio.

O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

### **DECIMOPRIMEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **DECIMOSEGUNDA. INCUMPRIMENTO, REINTEGROS E SANCIÓN**

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2018, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### **DECIMOTERCEIRA.- RESPONSABILIDADE**

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

#### **DECIMOCUARTA. VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos dende o 1 de xaneiro de 2018 ata ó 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de ser subvencionables as accións ata a data límite para a presentación da xustificación indicada nas cláusulas quinta e sexta.

#### **DECIMOQUINTA. CARÁCTER DO CONVENIO**

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polo polas cláusulas establecidas no convenio, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Malia o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa

pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio e os seus anexos por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

D <sup>a</sup> Concepción Fernández Fernández. Concello de Santiago de Compostela.	D. Marcelo de la Cruz Luzón. ASOCIACIÓN DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELLECTUAL, ASPAS.

**ANEXO I**

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROGRAMA:**

**PROGRAMA: "PROGRAMA DE RESPIRO E/OU EMERXENCIA FAMILIAR".**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2018
Seguros	130,00 €
Suministros	1.400,00 €
Outros servizos	470,00 €
Salarios	4.878,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.878,00 €</b>

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.

## ANEXO II

### MEMORIA DO PROXECTO/ PROGRAMA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

NOME DA ASOCIACIÓN, FUNDACIÓN ,ENTIDADE OU FEDERACIÓN

--

NIF

--

DENOMINACIÓN DO PROXECTO

--

Descrición do proxecto con referencia aos aspectos máis salientables na súa execución.

--

Obxectivos e prioridades. Explicaranse cal ou cales foron os obxectivos xerais e específicos acadados

--

Persoas destinatarias. Explicarase a quen se dirixiu o proxecto, o seu número aproximado, o tramo de idade.

Sector de poboación atendida e número: Familia, Infancia e Xuventude, Muller, Persoas Maiores, Persoas valoradas como Dependentes, Aquelas Persoas que teñan recoñecida unha Discapacidade, Persoas pertencentes a Minorías Étnicas, Persoas sen fogar ou que habiten nunha infravivenda, Persoas Víctimas de explotación sexual ou trata, Mulleres vítimas de violencia de xénero, Persoas vítimas de violencia domestica, Persoas en proceso de deshabitación de substancias aditivas, Persoas emigrantes retornados/ás ou Persoas Inmigrantes, Persoas que teñan a condición de persoa refuxiada, e Persoas procedentes de institucións penitenciarias etc..

Persoas encargadas de desenvolver o proxecto. Detallarse o equipo que levou a cabo as actividades e as funcións de cada persoa membro do equipo e as tarefas necesarias que se desenvolveron para a súa execución

Nome e apelidos	Funcións que levou a cabo no proxecto	Actividades en que participou	Tarefas que desenvolveu nas devanditas actividades

Explicar o impacto que tivo na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento.

--

Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto

--

Avaliación dos resultados, onde se deberá describir detalladamente o sistema de avaliación empregado para medir os resultados ou os logros (cualitativos e cuantitativos) na execución do proxecto.

Explicar como se fixo a difusión e a visibilidade do proxecto. É obrigatorio xuntar á memoria unha reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflecta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados. Ademais, indicaranse as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, achegarase a referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.

Calquera outra información que considere preciso incluír para obter unha visión global da avaliación do proxecto. Describa as dificultades e os apoios que se presentaron na execución do proxecto

**PERSOA DE CONTACTO PARA REALIZAR CONSULTAS SOBRE A PRESENTE XUSTIFICACIÓN**

NOME  
APELIDOS  
FUNCÍONS QUE DESENVOLVE  
ENDEREZO ELECTRÓNICO  
TELÉFONO/S

**ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER NO PROXECTO (se o desenvolvemento do proxecto conlevou a execución de varias actividades. Deberá ser cuberta para cada unha das actividades repetindo o esquema)**

NOME DA ACTIVIDADE.

DESCRIBIR O QUE SE FIXO.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE.

PERSOAS DESTINATARIAS EXCLUSIVAMENTE DA ACTIVIDADE, E INDICARASE O SEU NÚMERO, A IDADE E AS CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.

LUGAR DE REALIZACIÓN

**ACTIVIDADES DE PLANIFICACIÓN E EXECUCIÓN**

**RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

**DATAS (indicar meses/días no que comezou e terminou a actividade)**

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018. Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

##### **DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

##### **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

1. Que a Entidade/Asociación \_\_\_\_\_ ten cumprido co obxecto do convenio asinado con Concello de Santiago no ano 2018, para o desenvolvemento da Actividade/Programa/Proxecto \_\_\_\_\_, de conformidade coas cláusulas contidas no mesmo.

2. Que todos os datos contidos nesta declaración son certos.

3. Que esta Entidade cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria dunha subvención e, polo tanto, non esta incurso en ningunha das circunstancias de prohibición a que se refire a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Esta Entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e, fronte á seguridade social e, non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nin co Concello de Santiago de Compostela.

E a tal efecto:

- Autorizo o persoal da Area de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, a solicitar as distintas Administracións Públicas, os datos relativos o cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social da entidade/asociación a que represento. Está autorización outórgase exclusivamente os efectos da tramitación da aprobación e xustificación do convenio coa Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos do Concello de Santiago de Compostela, de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do ano 2018.

- Non autorizo e presento:

- Certificado de Situación de cotización da Tesouraría xeral da Seguridade Social.
- Certificado da Delegación Especial de Galicia da Axencia Tributaria.
- Certificado da Axencia Tributaria de Galicia da Consellería de Facenda.
- Certificado da Tesourería do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

5. A Entidade está de acordo coas actuacións de control e supervisión da subvención que se leven a cabo por parte do órgano concedente.

6. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas esta Entidade:

- Non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.

- Ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención doutras administracións públicas competentes, entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, que son os que a continuación se relacionan:

ORGANISMO/S	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	DISPOSICIÓN REGULADORA (4)

(1) Indíquese o que corresponda S( solicitada),C( concedida),P( percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indíquese nome da Administración /Entidade pública concedente e data da resolución.

---

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos na presente Declaración e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018, Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018,. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

**Santiago de Compostela, a de            de 2018.**

ANEXO IV

**RELACIÓN DE FACTURAS/DOCUMENTOS QUE SE PRESENTAN PARA A XUSTIFICACIÓN**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DECLARO** que a relación de **FACTURAS** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa /proxecto \_\_\_\_\_ do ano 2018 son as seguintes:

(1*) CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	(2*) FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE (€)

(1\*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2\*) Forma de pagamento: Cheque, Transferencia, Efectivo.

**DECLARO** que a relación de **NOMINAS/ RETRIBUCIÓNS DE TRABALLADORES/AS** destinados a desenvolver a actividade/ programa \_\_\_\_\_ do convenio asinado co Concello de Santiago, para o ano 2018 que se presentan para a xustificación son as seguintes:

DATA NÓMINA	NOME TRABALLADOR/A	IMPORTE NÓMINA	SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE PAGAM.	FORMA DE PAGAM.

Desexa a devolución das facturas orixinais?

- SI** (Lembre que, para solicitar a devolución, deben achegar os orixinais e unha copia das facturas e dos xustificantes do seu pagamento).
- NON** .

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.

ANEXO V

MEMORIA ECONÓMICA

(Deberá redactarse seguindo estritamente este modelo)

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO**

**ORZAMENTO DO PROXECTO**

Número da factura	Provedor/a	Importe	Vinculación detallada e explicación da súa necesidade, do gasto executado por cada actividade ou actuación concreta dentro do proxecto. Non é válida a simple descrición do concepto facturado.

**SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.

ANEXO VI

**DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DAS FACTURAS PAGADAS EN EFECTIVO.**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS:  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DECLARO** que na relación de **FACTURAS pagadas en efectivo** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Excmo. Concello de Santiago para a realización da actividade/ programa \_\_\_\_\_ do ano 2018 son as seguintes:

(1*)CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	PROVEDOR/A OU EMISOR/A	NIF-ROVEDOR/A OU EMISOR/A	DATA DE PAGAMENTO	(2*)FORMA DE PAGAMENTO	IMPORTE (€)

(1\*) Concepto: Conceptos establecidos no Orzamento desagregado presentado pola Entidade, á firma do convenio.

(2\*) Forma de pagamento: Efectivo.

**DECLARO** que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da Asociación/ Entidade \_\_\_\_\_

Así mesmo,

**DECLARO** coñecer que non poderanse presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ó **limite establecido no presente convenio, que establece en 600€ (seiscentos euros)** por cada factura, non podendo fraccionar o importe da facturas co obxecto de dar cumprimento a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

#### LUGAR E DATA

.....de.....de 2018.

ANEXO VII

**DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPECTO DOS/AS TRABALLADORES/AS DESTINADOS A  
DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DO PROXECTO OU PROGRAMA**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL  
NIF  
ENDEREZO  
LOCALIDADE  
TF/FAX  
CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS  
NIF  
EN CALIDADE DE

**DECLARO** que os/as traballadores/as que se mencionan, estiveron destinados a desenvolver o programa/actividade subvencionada \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ obxecto do convenio o  
asinado co Excmo. Concello de Santiago, para o ano 2018.

DNI	NOME/ APELIDOS-TRABALLADOR/A	CATEGORIA PROFESIONAL	XORNADA LABORAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

**LEXISLACIÓN APLICABLE:** Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.

**ANEXO VIII**

**XUSTIFICACIÓN XERAL DA SUBVENCIÓN**

D. \_\_\_\_\_ como representante legal de :

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

**CERTIFICO:**

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

RELACIÓN DE FACTURAS

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGAM.
	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de \_\_\_\_\_ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

4º.- Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de \_\_\_\_\_ €, co seguinte detalle:



**ANEXO IX**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA/ACTIVIDADE**

**DATOS DA ENTIDADE**

NOME OU RAZON SOCIAL

NIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TF/FAX

CORREO ELECTRONICO

**E, NA SUA REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS

NIF

EN CALIDADE DE

**DECLARO** ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa/actividade subvencionada \_\_\_\_\_

obxecto do convenio, asinado co Excmo. Concello de Santiago no ano 2018, de conformidade co establecido na **cláusula oitava** do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

**A tal efecto achegase coa memoria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicte o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados.**

- **Aportase como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantalla paxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos o/s seguinte/s:**


- **Indícanse** as páxinas web e/ou redes sociais utilizadas para a súa difusión pública e, de ser o caso, referencia das aparicións do proxecto nos medios de comunicación social.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu



tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 e Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

**LUGAR E DATA**

.....de.....de 2018.